
A mesma Sociedade Galega de Historia Natural ten manifestado a diferentes institucións a súa preocupación polas fumigacións indiscriminadas e aplicacións masivas de fitosanitarios de acción herbicida, tendo en conta, fundamentalmente, as especiais características do rural galego (explotacións agrícolas familiares para autoconsumo, multitude de mananciais e pozos empregados para consumo humano, gando en réxime extensivo ou explotacións apícolas dispersas). Di a SGHN que, aínda que habitualmente se aplica unha mestura de varios produtos, o herbicida máis utilizado nestes tratamentos é o glifosato, respecto ao que existen dúbidas razoables sobre a súa presunta inocuidade segundo os últimos estudos da OMS: “Hai probas convincentes de que o glifosato pode causar cancro en animais e hai probas limitadas de carcinoxenicidade en humanos (linfoma no Hodgkin)”.

Tanto é así, que nos concellos de A Guarda, Tomiño e Oia o uso do glifosato está prohibido por ordenanzas municipais. Non obstante, na estrada de titularidade autonómica AG-42 (vía de alta capacidade)

Grupo Parlamentario

utilizouse o glifosato o día 27 do pasado mes de xuño, pese a previsións de chuvias e a recomendación de non usalo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que abandone de xeito inmediato o uso de herbicidas con glifosato en lugares públicos e os substitúa por métodos alternativos non contaminantes nin que danen a saúde e o medio ambiente.

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/07/2018 13:03:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/07/2018 13:03:45

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2018 13:03:50

María Luisa Pierres López na data 04/07/2018 13:03:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2018 13:03:59

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Anxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ao patrimonio arqueolóxico de Friol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A irresponsabilidade da Xunta de Galicia leva moito tempo poñendo en perigo o noso patrimonio cultural, como demostra o feito de que tódolos anos teñamos que denunciar o deterioro de dúcias de bens de incalculable valor. Ao goberno popular dálle igual que o patrimonio sexa un dos piares das nosas tradicións, dos nosos valores e, polo tanto, da nosa identidade como pobo. Nin pon os medios para protexelo nin se preocupa por restauralo e dalo a coñecer. A Xunta de Galicia vive de costas ao noso legado. Así o demostran feitos como o acontecido en Friol.

A pesar de que a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia do 2016, prohibe actuar sobre bens patrimoniais catalogados, recentemente foi empregada maquinaria pesada no interior do xacemento do castro de Trasmonte co obxecto de acondicionalo para unha plantación forestal. No transcurso da actuación fixéronse buratos de máis de medio metro de profundidade para plantar árbores e causáronse enormes gabias. Ademais dos danos no interior do recinto, cómpre sinalar as fendas polo perímetro da muralla, que ocasionaron varios derrubes. Así, comprometeuse a integridade dun castro que, ata o de agora, era un dos mellor conservados do lugar (no municipio hai catalogados 40).



O patrimonio arqueolóxico de Friol, un dos máis importantes da provincia de Lugo, foi obxecto dunha nova agresión por mor do desleixo da Xunta de Galicia, que tería que garantir que actuacións como a descrita non se producen. Isto non pode acontecer de novo. A preservacións, restauración e difusión do noso legado patrimonial compétenos a todas, pero moi especialmente ás diferentes administracións, que teñen que poñer os medios para o mantemento dos bens.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Avaliar os danos sufridos polo castro de Trasmonte, en Friol.
- Asumir responsabilidades ao respecto.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2018.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/07/2018 16:56:28



Luca Chao Pérez na data 05/07/2018 16:56:37

Luis Villares Naveira na data 05/07/2018 16:56:43

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo, Carmen Santos Queiruga e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

Dende que por iniciativa da UE se ordenou a frota de baixura do noso país a levar un botiquín tipo C nas embarcacións, foron moitas as declaracións tanto do sector como da administración no sentido de modificar este requisito de forma que fose mais, sinxelo, accesible e menos custoso para as preto de 4000 embarcalo obrigadas a embarcalo.

Si ben é certo que se eliminaron determinados medicamento ou inxectables que era obrigados ao principio da aplicación da norma a día de hoxe continúa sendo obrigatorio a utilización dun botiquín para estas embarcacións que supón un desenvolvo importante para unha flota xa asfixiada economicamente e que ademais non se axusta as necesidades de seguridade para as que se supón que esta redactada a norma, un botiquín complexo de situar na propia embarcación, polas condicións das mesma en moitos casos sen ponte, ademais da complexa utilización dalgúns dos compoñentes do mesmo .

A pesar dos compromisos da Xunta no sentido de xestionar esta modificación, e os acordos unánimes dese parlamento nesta e outras lexislaturas, a día de hoxe este problema continúa sen resolverse. Debemos engadir a complexidade o coste económico e de tempo que supón ademais que a certificación anual de idoneidade do botiquín teña que facerse no instituto social da Mariña, o que



obriga a un desprazamento importante xa que non todos os portos dispoñen dunha oficina cercana para pedir cita para a revisión e un novo desprazamento para a propia revisión. Entendemos que debería habilitarse un mecanismo mais sinxelo para a certificación anual. Bastaría con habilitar as farmacias para a certificación anual, xa que son estes os lugares onde se merca o botiquín .

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar os trámites oportunos que permitan á flota de baixura reducir as esixencias do actual botiquín obrigatorio, así como a posibilidade de revisión anual dos mesmos nas farmacias do país.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 05/07/2018 18:25:50

Paula Quinteiro Araújo na data 05/07/2018 18:26:02

Carmen Santos Queiruga na data 05/07/2018 18:26:10

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de Lei para o seu debate na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Grupo Parlamentario Popular no Congreso de los Diputados presentou no seu día un Proxecto de Lei de creación do Consejo Nacional de Colegios Profesionales de Ingeniería Química de España e quedou sen culminar debido á convocatoria de eleccións xerais polo entón presidente Rodríguez Zapatero.

A lexislación promovida permitía superar a discriminación á que ven sendo sometida a titulación de Enxeñería Química dende o momento da súa creación, derivada da súa orixe posterior a outras ramas da Enxeñería, e de que a normativa precedente non se ten adaptado ao surximento da nosa disciplina no ámbito académico.

O Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia (COEQGa), leva tempo solicitando as modificacións legislativas necesarias co fin de completar o RD 1837/2008 e incluír a *Ingeniería Química* dentro do Anexo VIII -de profesións reguladas- para cumprir as exixencias recoñecidas aos colectivos que si se inclúen

nesa Disposición segundo o artigo 4.1. do citado Real Decreto o que permite a estes considerarse regulados de pleno dereito dentro do marco normativo español e non quedar relegados como ata o momento.

Resulta importante esta regulación porque hai que establecer con plena seguridade xurídica a homologación entre a titulación de Enxeñería Química e a titulación de Enxeñería Industrial Especialidade de Química, tal e como ten establecido no seu momento o RD 1954/1994; para evitar os constantes procesos xudiciais aos que deben recorrer os enxeñeiros químicos a fin de evitar verse excluídos nos procesos de selección de persoal das Administracións Públicas ou en calquera outro proceso selectivo ou concurso (procesos que se estenden durante longos anos e que polo tanto supoñen un efectivo obstáculo para participar en ditos procesos e concursos).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Tramitar e aprobar definitivamente o *Proxecto de Lei de creación do Consejo Nacional de Colegios Profesionales de Ingeniería Química de España*.
2. Facer as modificacións necesarias co fin de completar o RD 1837/2008 a fin de incluír a Enxeñería Química dentro do Anexo VIII -de profesións reguladas- cumprindo deste modo coas exixencias recoñecidas aos colectivos si incluídos en dita disposición segundo o artigo 4.1. do citado Real Decreto, e permitindo aos titulados en Enxeñería Química considerarse regulados de pleno dereito

dentro do marco normativo español e non quedar relegados como ata o momento.

3. Dotar á Enxeñería Química dun marco legal equivalente ao previsto na *Resolución de 15 de xaneiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades*, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, polo que se establecen as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das distintas profesións reguladas de enxeñeiro (BOE 29-01-2009).
4. Establecer con plena seguridade xurídica a homologación entre a titulación de Enxeñería Química e a titulación de Enxeñería Industrial Especialidade Química, tal e como estableceu no seu momento o RD 1954/1994”.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/06/2018 13:49:25

Paula Prado Del Río na data 29/06/2018 13:49:35

César Manuel Fernández Gil na data 29/06/2018 13:49:43

Alberto Pazos Couñago na data 29/06/2018 13:49:46

Jacobo Moreira Ferro na data 29/06/2018 13:49:57

María Isabel Novo Fariña na data 29/06/2018 13:50:05

Antonio Mouriño Villar na data 29/06/2018 13:50:16

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/06/2018 13:50:27

Raquel Arias Rodríguez na data 29/06/2018 13:50:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

María Guadalupe Murillo Solís na data 29/06/2018 13:50:45

Moisés Blanco Paradelo na data 29/06/2018 13:50:55

Maria Antón Vilasánchez na data 29/06/2018 13:51:04

Teresa Egerique Mosquera na data 29/06/2018 13:51:15

Carlos Gómez Salgado na data 29/06/2018 13:51:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/06/2018 13:51:47

Martín Fernández Prado na data 29/06/2018 13:51:50

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través do seu deputado **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

Exposición de motivos.

Un dos principais dereitos que se recoñecen en todas as leis de protección e de asistencia ás mesmas que sufriron algún tipo de violencia machista é o de intérprete. A violencia machista non entende de idiomas e de clases sociais, calquera muller é susceptible de sufrila en calquera parte do mundo.

É necesario ante a presenza dunha muller en sede policial ou xudicial para presentar unha denuncia, esta entenda e sexa entendida polas persoas funcionarias, para iso hai que garantir a existencia de intérpretes a disposición das vítimas de delitos. Isto faise extensible a todas as vítimas de delitos, que terán a mesma necesidade de entender o procedemento e facerse entender.

A Lei 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e actualmente recóllese máis amplamente na Lei 4/2015 do Estatuto da Vítima do Delito, no artigo 4 como o dereito a entender e a ser entendida e no artigo 5.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a garantir a dispoñibilidade de intérpretes de linguas estranxeiras para a atención ás vítimas antes e durante toda a tramitación do procedemento.



Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/07/2018 11:08:11

Carmen Santos Queiruga na data 02/07/2018 11:08:18

Luis Villares Naveira na data 02/07/2018 11:08:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de mellora da seguranza viaria na N550 á altura do barrio da Ponte (Padrón) é unha vella promesa do goberno central adiada durante anos. Xa no ano 2008, o goberno do Estado a través dunha resposta parlamentaria ao BNG indicaba que “a problemática dos veciños da Ponte será aliviada coa execución das obras de seguridade vial *Mellora local da travesía de Padrón N 550 pp.kk 82,141 a 83,683*, que van licitarse neste mesmo ano cun orzamento de 4,5 millóns de euros”.

A realidade é que pasaron xa 10 anos e a estrada segue tendo graves deficiencias de accesibilidade e seguranza viaria xa que carece de beirarrúas e beiravías, así como de pasos de peóns, o que dificulta gravemente e fai moi perigosa a mobilidade peonil. Unha situación que se ve agravada nalgúns puntos pola existencia de muros e acumulación de maleza nas marxes, o que obriga os peóns a circular pola calzada. As dificultades son aínda máis graves no caso dalgunhas casas que non teñen acceso peonil, de maneira que unicamente se pode acceder a elas en automóbil.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, os terreos necesarios para a urbanización do citado treito foron expropiados, de maneira que moitos deses espazos e vivendas presentan un estado de deterioro e abandono.

Malia os sucesivos anuncios da realización das citadas obras de urbanización, a realidade é a que os orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 só inclúen unha raquílica partida de 50.000 euros para esta obra. Estes orzamentos foron emendados polo PSOE, que demandou un investimento de 2.000.000 de euros no ano 2018.

Dado que están en proceso de elaboración os orzamentos do Estado para o ano 2019, cómpre que o goberno galego esixa do goberno central a execución dunha obra reiteradamente comprometida e adiada durante décadas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a que se dirixa ao goberno do Estado demandando a inclusión nos orzamentos xerais do Estado para 2019 dunha partida de 3.000.000 de euros para a a execución das obras de urbanización da estrada N550 ao seu paso polo lugar da Ponte (Padrón).”

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 11:13
Nº Rexistro: 32991
Data envío: 02/07/2018 11:13:45.941

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/07/2018 11:13:17

María Montserrat Prado Cores na data 02/07/2018 11:13:21

Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2018 11:13:22

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/07/2018 11:13:24

Olalla Rodil Fernández na data 02/07/2018 11:13:25

Noa Presas Bergantiños na data 02/07/2018 11:13:26

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O concurso para concesión do transporte aéreo do 061 está na fase de presentación de documentación de preadxudicación, cun recurso contra a valoración dun dos sobres. O concurso está valorado pola Xunta de Galicia nun montante que, tras variar en diversas ocasións con intentos da Xunta de Galicia de rebaixar as contías, sitúase no entorno dos 10 millóns de euros.

O prego de condicións actual contén algunhas diferencias con respecto a concursos anteriores, que poderían afectar tanto ás garantías laborais do persoal, á calidade da atención ou como á posible seguridade dos vós. As condicións técnicas e de viaxe resultan menos concretas e máis flexibles no prego actual, permitindo maior variabilidade nas opcións que as empresas concesionarias poden utilizar, e esta marxe de manobra pode repercutir sobre a capacitación dos pilotos (formación previa), as condicións técnicas nas que voan (número de horas continuado que poden realizar) ou incluso as características dos propios helicópteros (horas de voo acumulado).

Atendendo á necesidade de que a Xunta de Galicia dispoña dun servizo eficiente, optimizado e de plenas garantías tanto sanitarias como de seguridade no transporte, sería importante coñecer coa maior claridade as motivacións dos cambios existentes nas condicións do concurso e poder garantir en base a elas os criterios mencionados.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Someter a avaliación de expertos tanto sanitarios como de voo en helicópteros destinados a este fin os cambios producidos no contrato e as condicións esixidas, elaborando un informe que garanta o cumprimento pleno das condicións sanitarias e de seguridade ou, no seu defecto, que se inclúan as melloras necesarias para que así sexa.
2. Atender as recomendacións que, de ser o caso, se indiquen no informe sinalado no punto anterior, para garantir o mellor funcionamento do servizo en todos os planos.

Pazo do Parlamento, 29 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/07/2018 12:06:21

Noela Blanco Rodríguez na data 03/07/2018 12:06:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/07/2018 12:09:04

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Davide Fernández Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As brigadas helitransportadas de Vilamaior, o Campiño e Marroxo, que contan con persoal propio da Xunta de Galicia, continúan a estar sen helicóptero. A Xunta de Galicia deixa as bases públicas sen o servizo de helicóptero durante boa parte do período de traballo.

Estas decisións limitan a capacidade operativa das e dos bombeiros forestais helitransportados da Xunta de Galicia, brigadas que son claves pola súa rapidez no primeiro ataque ao lume. Nas condicións climáticas actuais, unha intervención na fase temperá de calquera incendios forestal coa experiencia deste persoal co helicóptero, permite que o incendio se controle na fase incipiente do mesmo evitando que se faga de maiores proporcións cos perigos que iso entraña a tódolos niveis.

Esta situación lévase denunciando varios anos, dende que comezou en decembro de 2012 o proceso de privatización do servizo integrado de helicópteros e brigadas helitransportadas con destino á prevención e defensa contra incendios forestais. Mentres intencionadamente se limita a operatividade do servizo público, mantéñense bases como a de Toén (Ourense), xestionada pola empresa privada NATUTECNIA, con todo o persoal de terra e helicóptero. Esta externalización cara empresas privadas da xestión e aproveitamento das bases de utilidade e propiedade pública prexudica o funcionamento do servizo coa única



finalidade de privatizar e pasar o servizo público a mans privadas. Moitas veces os criterios de adxudicación a empresas privadas permanecen escuros e esas adxudicacións teñen sido obxecto de denuncias nos tribunais por parte dos sindicatos. O Tribunal de Contas detectou xa en anos anteriores que as consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural cambiaron e improvisaron criterios de puntuación das ofertas presentadas a varios concursos cando xa se estaba producindo esa valoración.

O máis eficiente para a xestión dos lumes forestais é un único servizo 100% público, pero a Xunta de Galicia leva anos desmantelando o público, prexudicando con estas decisións ao conxunto da poboación galega. Precisamos de medios públicos adecuados para as tarefas de prevención e extinción, e rematar con este proceso privatizador para poder defender o noso territorio.

Por todos estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dispoñer de helicópteros da Xunta nas bases públicas de Vilamaior, o Campiño e Marroxo.
2. Cambiar o modelo de medios aéreos e brigadas de prevención e extinción, apostando por un modelo 100% público que permita empregar a todo o persoal público dispoñible.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2018 13:50:23

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 13:50:32

Luis Villares Naveira na data 03/07/2018 13:50:39

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención pediátrica na atención primaria supón unha das maiores reivindicacións de carácter local e comarcal nas demandas sanitarias de Galicia. O reducido número de especialistas de pediatría en atención primaria dificulta a posibilidade de incorporar aos necesarios ao sistema de saúde. Non entanto, nos 9 anos de Goberno de Núñez Feijóo non existe unha proposta firme de medidas para paliar este déficit e o problema de falta de profesionais e, por tanto, de alteración na asistencia sanitaria pediátrica, continúa sen que exista previsión de mellora. Existen mecanismos en formación, contratación e planificación que permitirían afrontar de maneira real unha problemática que, doutro xeito, persistirá e enquistará no sistema.

As sociedades científicas e expertos no sistema sanitario apuntan á necesidade de maior oferta formativa en atención pediátrica, con variabilidade de especialidades, e de maneira sinalada a formación en atención pediátrica primaria xa que polo de agora está centrada fundamentalmente na atención hospitalaria. A esta cuestión súmase a política laboral da Xunta de Galicia, habitualmente moi austera nos dereitos e condicións laborais, que enviando á precariedade sen futuro aos/as profesionais de pediatría (así como de outras áreas) que traballan no Sergas, contribúe á ausencia de profesionais que se trasladan a outros sistemas de España ou a outros países como Portugal ou Gran Bretaña. Unha máis eficiente xestión da atención primaria permitiría facilitar o funcionamento optimizado do sistema, habilitando máis funcións para o persoal de enfermería, axilizando trámites e considerando unha planificación da asistencia con maior atención ao

Grupo Parlamentario

anclaxe de poboación a través da garantía de servizos en determinadas zonas.

Non entanto, a Xunta de Galicia mantén unha política de contratación limitada, recortada e limitadora de dereitos e estabilidade laboral. Non existe unha planificación correcta da distribución de persoal e reposición, cunha moi alta dose de precariedade, e a Xunta de Galicia mantívose sumisa e pouco esixente co Goberno de España dos últimos anos, para conseguir unha maior e mellor oferta formativa

Estas cuestións contribúen a un problema de déficit de profesionais, que para a Xunta de Galicia converteuse nunha escusa e, case, nunha solución para rexeitar as peticións que se trasladan, ben dende un punto de global como específico de localidades, apoiándose nas dificultades de contratación. As recentes medidas de concentración de servizos en torno ás poboacións máis relevantes de cada comarca, por exemplo, apóianse nesta cuestión aínda que se apunten inicialmente como circunstanciais pola redución de servizos no verán. Non entanto existen diversas medidas que se poden iniciar, como as mencionadas anteriormente, pero que o Goberno galego non afronta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Mellorar as condicións laborais dos e das profesionais de atención pediátrica en Galicia para reter profesionais que melloren os servizos do Sergas.
2. Establecer un plan especial de contratación de pediatras 2018 – 2020 que permita garantir a maior cobertura posible do servizo para toda a Comunidade Autónoma.
3. Negociar co Goberno de España o aumento de prazas formativas en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros hospitalarios e facultade de medicina da USC para que exista posibilidade de dar cobertura correcta a ese aumento.

 Grupo Parlamentario

4. Abrir unha mesa de traballo que conte con expertos, representantes dos traballadores e da consellería e que extraia conclusións do estado da atención pediátrica en Galicia que permita tomar decisións asociadas a elas.

5. Remitir no prazo de 3 meses un informe aos grupos parlamentarios coa redistribución e planificación dos servizos de atención pediátrica en atención primaria en Galicia, que valore a concentración de servizos como resposta á situación do servizo, e que informe sobre a vontade de manter este formato pasada a época estival ou non.

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/07/2018 14:11:33

Noela Blanco Rodríguez na data 03/07/2018 14:11:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/07/2018 14:11:45

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez Garcia, Marcos Cal Ogando** e a deputada **Anxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un ano máis, a cianobacteria instalouse no encoro de As Conchas, en Ourense, algo que a Consellería de Medio Ambiente tiña que ter previsto e intentado evitar. Porén, non se tomaron as medidas oportunas e outra vez nos atopamos lamentando a contaminación verde das augas que comparten os concellos de Bande, Lobeira e Muíños. A proliferación das algas xa foi confirmada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a pesar do cal algunhas das zonas afectadas aínda contan con carteis que subliñan a excelente calidade da auga.

A contaminación do encoro produce unha estampa e un olor moi desagradables que poden supoñer un revés importante para a economía e o turismo comarcal, polo que ten que se atallada para que non se repita cada verán. As medidas que se teñen que adoptar non poden ser, como ata agora, parches locais que se demostraron claramente inapropiadas.

Segundo as investigacións realizadas, as bacterias teñen a súa orixe nos nitratos e nos fosfatos dos fertilizantes e os xurros que empregan os produtores de patacas da Limia, algo que cómpre ter en conta de cara a acadar solucións estables a medio e longo prazo.

Pero o máis importante é adoptar aquelas medidas que xa se demostraron eficaces. O Centro Hidrobiolóxico do Con, de Vilagarcía de Arousa, levou a cabo un experimento que demostra que é posible controlar o crecemento das cianobacterias sen necesidade de recorrer a produtos químicos, servíndose tan só de procesos naturais. O centro empregou palla de cebada, labras e cortizas de eucaliptos e conseguiu que os microorganismos nocivos minguasen. E o que é máis importante: logrou que diminuíse a súa toxicidade.

Polo tanto, existen alternativas á contaminación que ano tras ano veranea nos encoros galegos. A pasividade da Xunta de Galicia non ten escusa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

- Colaborar co Centro Hidrobiolóxico do Con para desenvolver e adoptar medidas que permitan diminuír a poboación de cianobacterias e a súa toxicidade.
- Incrementar os controis periódicos aos que son sometidos os encoros galegos que tódolos anos sofren contaminación por cianobacterias.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Anxeles Cuña Bóveda

Deputados e deputada do G.P. de En Marea



Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 16:52:05

Marcos Cal Ogando na data 03/07/2018 16:52:14

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/07/2018 16:52:21

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 16:52:27

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez** e **Antón Sanchez García**, e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7ª**, sobre a dotación de luces prioritarias nos vehículos do SPDCIF como servizo de emerxencias, así como máscaras de protección que solucionen as eivas da protección respiratoria dos e das traballadoras do SPDCIF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende o día 15 de xuño de 2015, o Servizo de prevención e extinción da Xunta de Galicia, forma parte a tódolos efectos dos servizos de emerxencias, tal e como recolle a Lei nacional de protección civil en vigor dende esta data, no seu art. 17.

Como servizo de emerxencias, e como vostedes terán coñecemento, foros dotados – xa por segunda vez consecutiva- de vehículos pick-up, que contan con bomba para a extinción entre outros equipamentos.

Tivemos coñecemento da instrución do Ministerio de interior de 7 de Xuño de 2017 instrución 17/TV-97, sobre circulación de vehículos pick up, baseada na directiva europea 2007/46/CE, onde se indica que os vehículos pick-up que non superen os 3500kg e os dous metros de altura rexeranse, polas normativas de circulación dos turismos.



Dende En Marea manifestamos a vital importancia de baixar o máximo os tempos de reacción xunto coa calidade desta primeira intervención- factores determinantes na extinción temperá dos incendios para poder facer fronte mellor o novo escenario, derivado da nova tipoloxía de lumes .

Dende En Marea volvemos a solicitar a Xunta de Galicia que cumpra tamén o requirimento feito dende inspección de traballo , onde se indica que os vehículos das brigadas do Spdcif dispoñan de luces de prioridade V 1,as cales se van incorporar no estado español a partires do 1 de xullo.

Por outro lado, a Xunta de Galicia ven entregando dende fai anos unhas mascariñas de marca SEYBOL 82ST con filtro (P2)R a cal só filtra partículas sólidas, aerosois, néboas e neblinas tipo2, pero non gases presentes na atmosfera dun incendio tales como por exemplo: Monóxido de Carbono, Dióxido de Carbono, Amoníaco, Cianídrico, isocianatos, acroleinas, etc.

Queremos insistir na necesidade de incorporar inmediatamente un equipo de protección respiratoria axeitada ao traballo a desenvolver polo SPDCIF composta por unha semi máscara adecuada con monofiltro tipo: A1, B1, E1, K1, P3 e NR, os cales protexen os traballadores da maioría dos gases e partículas tóxicas presentes na atmosfera dun lume forestal.

Ademais como xa se falou no subcomité de EPIS íase entregar un equipo de respiración xerador de oxixeno químico para protección en situacións de atrapamento o que garantiría de forma moi importante a vida dos traballadores en circunstancias moi graves.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

- 1.- Dotar os vehículos do SPDCIF de luces prioritarias como servizo de emerxencia.
- 2.- Incorporar inmediatamente un equipo de protección respiratoria axeitada ao traballo a desenvolver polo SPDCIF composta por unha semi máscara adecuada con monofiltro tipo: A1, B1, E1, K1, P3 e NR.
- 3.- Entregar un equipo de respiración xerador de osíxeno químico (por brigada) para protección en situacións de atrapamento o que garantiría de forma moi importante a vida dos traballadores en circunstancias moi graves.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea
Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 18:34:19

Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2018 18:34:28

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 18:34:34

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Paula Quinteiro Araujo** e dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Punto de Encontro Familiar (PEF), regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, son un equipamento destinado a facilitar e preservar a relación entre menores e persoas das súas familias en situacións de crise, procurando a seguridade e benestar das e dos menores.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo.

A intervención dos puntos de encontro familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflictiva.



Na provincia de Lugo só existe un PEF para toda a provincia, obrigando ás persoas das comarcas da Mariña e ás do sur de Lugo a facer longos desprazamentos, en ocasións, varias veces á semana, para as visitas estipuladas no PEF.

A Xunta considera que a rede de PEF de Galicia é “suficiente para atender a demanda existente dos xulgados e dos servizos de menores da Xunta de Galicia”, non obstante, reconece que “se está estudando a posibilidade de ampliar a rede co fin de estendela no territorio e así dar cobertura a poboacións importantes cuxos habitantes teñan que desprazarse para o cumprimento do réxime de visitas”.

O PEF de Lugo atópase na Canella da Deputación, unha zona mal iluminada e con pouca accesibilidade.

Ademais, igual que outros PEF, ten falta de material e de recursos humanos. Esta falta de recursos evidénciase na situación que se vai vivir no verán, cando o PEF de Lugo pechará durante a primeira quincena de agosto.

A xestión dos PEF está externalizada –o de Lugo, está xestionado pola Asociación Dignidade- e a realidade é que a Xunta non garante unha cobertura deste servizo en todas as comarcas galegas durante todo o ano de xeito regular nin ofrece unha atención estandarizada en todo o territorio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a adopción do seguinte acordo.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



1. Estudar e, de ser o caso, impulsar, a creación de novos PEF na provincia de Lugo, un para a zona da Mariña e outro para a zona sur, de carácter público e con xestión directa por parte da Xunta.
2. Garantir a dotación orzamentaria suficiente para o mantemento do PEF de Lugo, así como dos novos PEF que se crearan na provincia no futuro, garantindo o seu funcionamento durante todo o ano.
3. Achegar fondos para a mellora das instalacións e entorno do PEF de Lugo.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira,

Deputadas, deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 03/07/2018 18:55:46

Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2018 18:55:55

Marcos Cal Ogando na data 03/07/2018 18:56:03



Luis Villares Naveira na data 03/07/2018 18:56:10

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre información que se lle nega ao Comité de Acoso Laboral sobre unha demanda de dous Axentes Medio Ambientais do DF XIX.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería de Facenda e a Dirección Xeral da Función Pública contan dende hai pouco tempo cun Comité de Acoso laboral ligado o Servizo de Prevención de Riscos laborais da Xunta de Galiza para xestionar as demandas que afecten o seu persoal funcionario e laboral.

En Setembro de 2017 tivo entrada nese Comité unha demanda de dous funcionarios da Escala de Axentes Facultativos Medioambientais da Consellería de Medio Rural adscritos o Distrito Forestal XIX de Pontevedra, por situación de acoso laboral do Xefe dese Distrito.

En varias ocasións os dous funcionarios foron chamados para aportar tódalas probas necesarias, estando sempre presente nos interrogatorios unha representante dos sindicatos.

Dende o mes de Febreiro do presente ano 2018 vense solicitando dende ese comité, información sobre o proceso tendo como resposta nese mes que xa estaba resolto pendente de comunicar. O feito é, que estando no mes de Xullo (9 meses dende o inicio) non houbo resolución, circulando o rumor de que “nalgunhas



instancias de Función Pública ou de Medio Rural non estaban de acordo coa mesma por afectar negativamente o Xefe de Distrito”.

Por todo o exposto anteriormente, e pola indefensión que sofren as persoas demandantes, dende o grupo Parlamentar de En Marea, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a trasladar toda a información que ten solicitado o Comité de Acoso Laboral dende o DF XIX.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 19:10:11

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 19:10:19

Á MESA DO PARLAMENTO

“ O Parlamento de Galicia considera necesario estudar a modificación da actual regulación das modalidades de acceso anticipado á xubilación, polo que o Parlamento de Galicia insta á Xunta para que se dirixa ao Goberno do Estado para que, no Marco do Pacto de Toledo, con presenza de todos os axentes e sindicatos representativos, se proceda a estudar e valorar as seguintes medidas, garantindo en todo caso a viabilidade do sistema de pensións:

Primeiro

- Realizar as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, nos casos nos que se accedeu á xubilación anticipada, no sentido de que se aplicará unha penalización inferior á que existe actualmente dos coeficientes redutores establecidos no artigo 208 da citada Lei, con 35 anos cotizados e unha redución progresiva dos mencionados coeficientes ata a súa desaparición total cunha cotización de 40 anos.



A modificación de Lei, a partir da súa entrada en vigor, será de aplicación aos e ás que se atopan penalizadas antes da promulgación da citada Lei e a futuros e futuras pensionistas.

Segundo

- Que para os efectos de acreditación do citado período de cotización efectiva, non se terá en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias e só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria co límite máximo dun ano.

Terceiro

- Que se realicen as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto

Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, co fin de que nos casos de acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado nos que se apliquen coeficientes redutores por trimestre ou fracción de trimestre que lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación, conforme ao disposto no artigo 208 do mesmo texto legal, deixen de aplicarse os coeficientes redutores desde o momento no que o pensionista cumpra a idade legal de xubilación.

Cuarto

- Que as presentes medidas non se verán afectadas polas cláusulas relativas á xubilación forzosa aprobadas por convenio colectivo e será de aplicación nos mesmos termos aos supostos de xubilación anticipada por causas non imputables ao traballador, previstos no artigo 207”.

A data de 2 de xullo de 2018 a Xunta non ten informado ao Parlamento de Galicia sobre o grao de cumprimento deste acordo do mesmo.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Dirixiuse a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para trasladarlle os termos do acordo do Parlamento de Galicia do 22 de novembro de 2017, en relación á modificación da actual regulación das modalidades de acceso anticipado á xubilación?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/07/2018 18:49:22

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O concurso para concesión do transporte aéreo do 061 está na fase de presentación de documentación de preadxudicación, cun recurso contra a valoración dun dos sobres. O concurso está valorado pola Xunta de Galicia nun montante que, tras variar en diversas ocasións con intentos da Xunta de Galicia de rebaixar as contías, sitúase no entorno dos 10 millóns de euros.

O prego de condicións actual contén algunhas diferencias con respecto a concursos anteriores, que poderían afectar tanto ás garantías laborais do persoal, á calidade da atención ou como á posible seguridade dos vós. As condicións técnicas e de viaxe resultan menos concretas e máis flexibles no prego actual, permitindo maior variabilidade nas opcións que as empresas concesionarias poden utilizar, e esta marxe de manobra pode repercutir sobre a capacitación dos pilotos (formación previa), as condicións técnicas nas que voan (número de horas continuado que poden realizar) ou incluso as características dos propios helicópteros (horas de voo acumulado).

Atendendo á necesidade de que a Xunta de Galicia dispoña dun servizo eficiente, optimizado e de plenas garantías tanto sanitarias como de seguridade no transporte, sería importante coñecer coa maior claridade as motivacións dos cambios existentes nas condicións do concurso e poder garantir en base a elas os criterios mencionados.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode garantir a Xunta de Galicia que se cumprirán as condicións plenas nos planos sanitario e de seguridade a partir do novo concurso de transporte sanitario aéreo?

Pazo do Parlamento, 29 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/07/2018 12:10:14

Noela Blanco Rodríguez na data 03/07/2018 12:10:21

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Davide Fernández Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

As brigadas helitransportadas de Vilamaior, o Campiño e Marroxo, que contan con persoal propio da Xunta de Galicia, continúan a estar sen helicóptero. A Xunta de Galicia deixa as bases públicas sen o servizo de helicóptero durante boa parte do período de traballo.

Estas decisións limitan a capacidade operativa das e dos bombeiros forestais helitransportados da Xunta de Galicia, brigadas que son claves pola súa rapidez no primeiro ataque ao lume. Nas condicións climáticas actuais, unha intervención na fase temperá de calquera incendios forestal coa experiencia deste persoal co helicóptero, permite que o incendio se controle na fase incipiente do mesmo evitando que se faga de maiores proporcións cos perigos que iso entraña a tódolos niveis.

Esta situación lévase denunciando varios anos, dende que comezou en decembro de 2012 o proceso de privatización do servizo integrado de helicópteros e brigadas helitransportadas con destino á prevención e defensa contra incendios forestais. Mentres intencionadamente se limita a operatividade do servizo público, mantéñense bases como a de Toén (Ourense), xestionada pola empresa privada NATUTECNIA, con todo o persoal de terra e helicóptero. Esta externalización cara empresas privadas da xestión e aproveitamento das bases de utilidade e propiedade pública prexudica o funcionamento do servizo coa única



finalidade de privatizar e pasar o servizo público a mans privadas. Moitas veces os criterios de adxudicación a empresas privadas permanecen escuros e esas adxudicacións teñen sido obxecto de denuncias nos tribunais por parte dos sindicatos. O Tribunal de Contas detectou xa en anos anteriores que as consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural cambiaron e improvisaron criterios de puntuación das ofertas presentadas a varios concursos cando xa se estaba producindo esa valoración.

O máis eficiente para a xestión dos lumes forestais é un único servizo 100% público, pero a Xunta de Galicia leva anos desmantelando o público, prexudicando con estas decisións ao conxunto da poboación galega. Precisamos de medios públicos adecuados para as tarefas de prevención e extinción, e rematar con este proceso privatizador para poder defender o noso territorio.

Por estes motivos os deputados que subscriben, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Vaise dotar de helicópteros ás bases públicas de Vilamaior, o Campiño e Marroxo?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:



Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2018 13:56:48

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 13:56:56

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A atención pediátrica na atención primaria supón unha das maiores reivindicacións de carácter local e comarcal nas demandas sanitarias de Galicia. O reducido número de especialistas de pediatría en atención primaria dificulta a posibilidade de incorporar aos necesarios ao sistema de saúde. Non entanto, nos 9 anos de Goberno de Núñez Feijóo non existe unha proposta firme de medidas para paliar este déficit e o problema de falta de profesionais e, por tanto, de alteración na asistencia sanitaria pediátrica, continúa sen que exista previsión de mellora. Existen mecanismos en formación, contratación e planificación que permitirían afrontar de maneira real unha problemática que, doutro xeito, persistirá e enquistará no sistema.

As sociedades científicas e expertos no sistema sanitario apuntan á necesidade de maior oferta formativa en atención pediátrica, con variabilidade de especialidades, e de maneira sinalada a formación en atención pediátrica primaria xa que polo de agora está centrada fundamentalmente na atención hospitalaria. A esta cuestión súmase a política laboral da Xunta de Galicia, habitualmente moi austera nos dereitos e condicións laborais, que enviando á precariedade sen futuro aos/as profesionais de pediatría (así como de outras áreas) que traballan no Sergas, contribúe á ausencia de profesionais que se trasladan a outros sistemas de España ou a outros países como Portugal ou Gran Bretaña. Unha máis eficiente xestión da atención primaria permitiría facilitar o funcionamento optimizado do sistema, habilitando máis funcións para o persoal de enfermería, axilizando trámites e considerando unha planificación da asistencia con maior atención ao anclaxe de poboación a través da garantía de servizos en determinadas zonas.

Grupo Parlamentario

Non entanto, a Xunta de Galicia mantén unha política de contratación limitada, recortada e limitadora de dereitos e estabilidade laboral. Non existe unha planificación correcta da distribución de persoal e reposición, cunha moi alta dose de precariedade, e a Xunta de Galicia mantívose sumisa e pouco esixente co Goberno de España dos últimos anos, para conseguir unha maior e mellor oferta formativa

Estas cuestións contribúen a un problema de déficit de profesionais, que para a Xunta de Galicia converteuse nunha escusa e, case, nunha solución para rexeitar as peticións que se trasladan, ben dende un punto de global como específico de localidades, apoiándose nas dificultades de contratación. As recentes medidas de concentración de servizos en torno ás poboacións máis relevantes de cada comarca, por exemplo, apóianse nesta cuestión aínda que se apunten inicialmente como circunstanciais pola redución de servizos no verán. Non entanto existen diversas medidas que se poden iniciar, como as mencionadas anteriormente, pero que o Goberno galego non afronta.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a cobertura pediátrica en atención primaria en Galicia está garantida nas mellores condicións posibles?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/07/2018 14:12:55

Noela Blanco Rodríguez na data 03/07/2018 14:13:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Paula Quintero Araujo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre a non dotación de luces prioritarias nos vehículos do SPDCIF como servizo de emerxencias, así como máscaras de protección que solucionen as eivas da protección respiratoria dos e das traballadoras do SPDCIF.

Dende o día 15 de xuño de 2015, o Servizo de prevención e extinción da Xunta de Galicia, forma parte a tódolos efectos dos servizos de emerxencias, tal e como recolle a Lei nacional de protección civil en vigor dende esta data, no seu art. 17.

Como servizo de emerxencias, e como vostedes terán coñecemento, foros dotados – xa por segunda vez consecutiva- de vehículos pick-up, que contan con bomba para a extinción entre outros equipamentos.

Tivemos coñecemento da instrución do Ministerio de interior de 7 de Xuño de 2017 instrución 17/TV-97, sobre circulación de vehículos pick up, baseada na directiva europea 2007/46/CE, onde se indica que os vehículos pick-up que non superen os 3500kg e os dous metros de altura rexeranse, polas normativas de circulación dos turismos.

Dende En Marea manifestamos a vital importancia de baixar o máximo os tempos de reacción xunto coa calidade desta primeira intervención- factores determinantes na extinción temperá dos incendios para poder facer fronte mellor o novo escenario, derivado da nova tipoloxía de lumes .



Dende En Marea volvemos a solicitar a Xunta de Galicia que cumpra tamén o requirimento feito dende inspección de traballo , onde se indica que os vehículos das brigadas do Spdcif dispoñan de luces de prioridade V 1,as cales se van incorporar no estado español a partires do 1 de xullo.

Por outro lado, a Xunta de Galicia ven entregando dende fai anos unhas mascariñas de marca SEYBOL 82ST con filtro (P2)R a cal só filtra partículas sólidas, aerosois, néboas e neblinas tipo2, pero non gases presentes na atmosfera dun incendio tales como por exemplo: Monóxido de Carbono, Dióxido de Carbono, Amoníaco, Cianídrico, isocianatos, acroleinas, etc.

Queremos insistir na necesidade de incorporar inmediatamente un equipo de protección respiratoria axeitada ao traballo a desenvolver polo SPDCIF composta por unha semi máscara adecuada con monofiltro tipo: A1, B1, E1, K1, P3 e NR, os cales protexen os traballadores da maioría dos gases e partículas tóxicas presentes na atmosfera dun lume forestal.

Ademais como xa se falou no subcomité de EPIS íase entregar un equipo de respiración xerador de oxixeno químico para protección en situacións de atrapamento o que garantiría de forma moi importante a vida dos traballadores en circunstancias moi graves.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Cal é o motivo polo que non se equipan axeitadamente, tanto ás brigadas como aos vehículos do SPDCIF?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Antón Sánchez García
Deputados e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 18:41:17

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 18:41:25

Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2018 18:41:33

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, sobre información que se lle nega ao Comité de Acoso Laboral sobre unha demanda de dous Axentes Medio Ambientais do DF XIX.

A Consellería de Facenda e a Dirección Xeral da Función Pública contan dende hai pouco tempo cun Comité de Acoso laboral ligado o Servizo de Prevención de Riscos laborais da Xunta de Galiza para xestionar as demandas que afecten o seu persoal funcionario e laboral.

En Setembro de 2017 tivo entrada nese Comité unha demanda de dous funcionarios da Escala de Axentes Facultativos Medioambientais da Consellería de Medio Rural adscritos o Distrito Forestal XIX de Pontevedra, por situación de acoso laboral do Xefe dese Distrito.

En varias ocasións os dous funcionarios foron chamados para aportar tódalas probas necesarias, estando sempre presente nos interrogatorios unha representante dos sindicatos.

Dende o mes de Febreiro do presente ano 2018 vense solicitando dende ese comité, información sobre o proceso tendo como resposta nese mes que xa estaba resolto pendente de comunicar. O feito é, que estando no mes de Xullo (9 meses dende o inicio) non houbo resolución, circulando o rumor de que “nalgúns instancias de Función Pública ou de Medio Rural non estaban de acordo coa mesma por afectar negativamente o Xefe de Distrito”.



Por todo o exposto anteriormente, e pola indefensión que sofren as persoas demandantes, dende o grupo Parlamentar de En Marea, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é o motivo pola que non se traslada toda a información que ten solicitado o comité si xa está resolto tal e como afirman?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 19:16:01

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 19:16:08



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante do peche durante do verán do consultorio médico de Cabo de Cruz en Boiro.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cabo de Cruz responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

Un ano máis, o centro médico do Cabo da Cruz no concello de Boiro queda sen facultativo durante os meses do verán, concretamente desde o 11 de xuño até o 30 de setembro de 2018, afectando isto a máis de 4000 veciños e veciñas.

Ante esta circunstancia a veciñanza do Cabo da Cruz será atendida no centro de saúde do Saltiño. Isto supón un grande trastorno sobre todo para a xente maior, dado que non se pode desprazar con facilidade.

Debemos ter en conta que a poboación do Cabo da Cruz e de Boiro en xeral, aumenta considerablemente durante a época estival, eliminando este punto de atención médica, o que provoca é unha sobrecarga no centro saúde do Saltiño.

Os usuarios do centro médico do Cabo da Cruz, entenden que un médico poida estar de vacacións ou de baixa, o que non entenden é que non se cubran estas coa substitución pertinente.

En anos anteriores, desde a Consellería de Sanidade, utilizaban a desculpa da crise para manter este centro pechado durante os meses do verán, agora o Goberno do PP na Xunta usa como escusa a falta de médicos, que en todo caso é consecuencia da súa nefasta política laboral, da precariedade e do maltrato ao que somete aos e ás profesionais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG, vemos como a Consellería de Sanidade non toma este asunto con seriedade e rigor, en lugar de mellorar estes servizos médicos próximos á cidadanía, o que fai e recortalos.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta a proceder á substitución do facultativo do centro médico de Cabo de Cruz de xeito que permaneza aberto tamén durante os meses de verán e polo tanto poida prestar a asistencia sanitaria aos veciños e veciñas que son atendidos neste centro o resto do ano?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33125
Data envío: 04/07/2018 10:41:46.998

María Montserrat Prado Cores na data 04/07/2018 10:39:43

Ana Pontón Mondelo na data 04/07/2018 10:39:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/07/2018 10:39:50

Olalla Rodil Fernández na data 04/07/2018 10:39:52

Noa Presas Bergantiños na data 04/07/2018 10:39:53

Xosé Luis Bará Torres na data 04/07/2018 10:39:55

Á MESA DO PARLAMENTO

David Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde da Pobra de Trives no período de época estival.

A poboación galega caracterízase por unha serie de características como poden ser o despoboamento, illamento, dispersión xeográfica, problemas de mobilidade, carencia de recursos e servizos básicos, etc.

Esta situación vese favorecida polas políticas de desmantelamento do rural do Partido Popular e o seu progresivo estrangulamento dos servizos públicos neste contexto, que obriga á cidadanía a emigrar (cara as cidades...), perder dereitos e ter que deixar de vivir onde residiron sempre cando, a gran maioría da poboación maior o que quere é permanecer nos seus fogares o maior tempo posible.

Un claro síntoma dese estrangulamento do rural é o desmantelamento da atención sanitaria, como se pode comprobar en calquera lugar da xeografía galega, estrangulamento que se agrava dende que se aproba o Anteproxecto de Modificación da Lei de Saúde de Galicia.

A atención sanitaria no rural ten graves eivas, como se pode constatar na provincia de Ourense, nos centros de saúde do rural ourensán, situación que se ve agravada pola falta dun adecuado transporte público nas comarcas, o que provoca que a veciñanza, sobre todo a xente maior, se vexa obrigada a coller taxis e gastar cartos en desprazarse aos centros de saúde ou hospitais, servizos esenciais e que cada vez están máis afastados dos seus domicilios.



O dereito máis básico é o dereito á saúde, porque sen saúde non existen os demais dereitos, pero no medio rural, aos problemas de desprazamento engádenselle outros asociados, como son as eivas na atención aos centros de saúde ou as urxencias, nomeadamente, a época estival.

En centros de saúde do rural como poden ser o de Pobra de Trives, Manzaneda ou San Xoán de Río adoitan darse dificultades coa atención, derivadas dos recortes levados a cabo polas políticas do Partido Popular.

O último capítulo: a Xunta de Galicia leva a cabo unha reestruturación temporal da Atención Primaria para o período estival afectando directamente a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde da Pobra de Trives, servizo xa con unha eiva importante no horario e días de atención, anunciando que se **suprime o servizo de pediatría** deste centro.

A solución ofrecida?: A Xunta de Galicia decide agrupar o servizo de pediatría en centros de saúde de referencia, isto é, derivar as cativas e cativos o Centro de Saúde de Maceda, onde se atoparía o pediatra, ou o Centro de Saúde da Rúa.

Co Concello de Maceda, ao que habería que acudir necesariamente se o que se pretende é unha revisión pediátrica, non hai ningunha liña de autobús activada na actualidade.

Co Concello da Rúa, existe unha única posibilidade: Saída ás 6:40 h da mañá da Pobra de Trives con volta única ás 18:30 da tarde.

Estes desprazamentos ocasionan innumerables molestias que non debería sufrir a nosa veciñanza por unha falta de planificación adecuada por parte da Administración sanitaria, sen que sexa escusa o feito de que, en caso de dificultades de desprazamento, poidan ser atendidos os menores por un médico de familia, pois evidente é que aqueles teñen enfermidades específicas,



tratamentos diferenciados, e que en resumo, para iso existe unha especialidade médica concreta para a súa atención.

Desde En Marea defendemos o respecto e a atención á cidadanía independentemente de onde residan así como o dereito das persoas a permanecer nos seus domicilios, no seu entorno, se así o desexan, todo o tempo que poidan. O rural precisa recursos e garantías de atención.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, realiza a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten pensado a Xunta dar marcha atrás nesta decisión e garantir así o servizo de pediatría no Centro Médico de Pobra de Trives de inmediato?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Deputado e deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/07/2018 11:47:07

Paula Vázquez Verao na data 04/07/2018 11:47:18



Eva Solla Fernández na data 04/07/2018 11:47:21

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No ano 2009, a UE aprobaba unha Directiva (do Parlamento Europeo) sobre uso de praguicidas e a saúde humana, directiva que logo o Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, incorporou á lexislación española. O artigo 30 deste real decreto fai referencia á precisa priorización de produtos fitosanitarios para evitar a contaminación das augas, de maneira que, cando xurda un risco, se dará prioridade ao uso de produtos fitosanitarios non clasificados como perigosos para o medio acuático.

A mesma Sociedade Galega de Historia Natural ten manifestado a diferentes institucións a súa preocupación polas fumigacións indiscriminadas e aplicacións masivas de fitosanitarios de acción herbicida, tendo en conta, fundamentalmente, as especiais características do rural galego (explotacións agrícolas familiares para autoconsumo, multitude de mananciais e pozos empregados para consumo humano, gando en réxime extensivo ou explotacións apícolas dispersas). Di a SGHN que, aínda que habitualmente se aplica unha mestura de varios produtos, o herbicida máis utilizado nestes tratamentos é o glifosato, respecto ao que existen dúbidas razoables sobre a súa presunta inocuidade segundo os últimos estudos da OMS: “Hai probas convincentes de que o glifosato pode causar cancro en animais e hai probas limitadas de carcinoxenicidade en humanos (linfoma no Hodgkin)”.

Tanto é así, que nos concellos de A Guarda, Tomiño e Oia o uso do glifosato está prohibido por ordenanzas municipais. Non obstante, na estrada de titularidade autonómica AG-42 (vía de alta capacidade) utilizouse o glifosato o día 27 do pasado mes de xuño, pese a previsións de chuvias e a recomendación de non usalo.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Sabe o Goberno galego que na estrada de titularidade autonómica AG-42 (vía de alta capacidade) se utilizou glifosato o día 27 do pasado mes de xuño, pese a previsións de chuvias e a recomendación de non usalo?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/07/2018 13:04:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/07/2018 13:04:54

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2018 13:04:59

María Luisa Pierres López na data 04/07/2018 13:05:04

Á MESA DO PARLAMENTO

Anxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa ao patrimonio arqueolóxico de Friol.

A irresponsabilidade da Xunta de Galicia leva moito tempo poñendo en perigo o noso patrimonio cultural, como demostra o feito de que tódolos anos teñamos que denunciar o deterioro de dúcias de bens de incalculable valor. Ao goberno popular dálle igual que o patrimonio sexa un dos piares das nosas tradicións, dos nosos valores e, polo tanto, da nosa identidade como pobo. Nin pon os medios para protexelo nin se preocupa por restauralo e dalo a coñecer. A Xunta de Galicia vive de costas ao noso legado. Así o demostran feitos como o acontecido en Friol.

A pesar de que a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia do 2016, prohibe actuar sobre bens patrimoniais catalogados, recentemente foi empregada maquinaria pesada no interior do xacemento do castro de Trasmonte co obxecto de acondicionalo para unha plantación forestal. No transcurso da actuación fixéronse buratos de máis de medio metro de profundidade para plantar árbores e causáronse enormes gabias. Ademais dos danos no interior do recinto, cómpre sinalar as fendas polo perímetro da muralla, que ocasionaron varios derrubes. Así, comprometeuse a integridade dun castro que, ata o de agora, era un dos mellor conservados do lugar (no municipio hai catalogados 40).



O patrimonio arqueolóxico de Friol, un dos máis importantes da provincia de Lugo, foi obxecto dunha nova agresión por mor do desleixo da Xunta de Galicia, que tería que garantir que actuacións como a descrita non se producen. Isto non pode acontecer de novo. A preservacións, restauración e difusión do noso legado patrimonial compétenos a todas, pero moi especialmente ás diferentes administracións, que teñen que poñer os medios para o mantemento dos bens.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos danos sufridos polo castro de Trasmonte, en Friol?

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2018.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/07/2018 16:56:02

Luca Chao Pérez na data 05/07/2018 16:56:10

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo e Carmen Santos Queiruga, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

A finais do presente mes, en comunicación formar ao Parlamento de Galicia, en resposta a unha pregunta realizada por un grupo da oposición, a Consellería do Mar ven de afirmar que está en disposición de modificar a orde de 26 de Outubro de 2000, mediante a que se regula o abastecemento de semente de mexilón aos viveiros, as súas habilitacións, períodos de extracción e cantidades máximas de extracción por zona.

Polo exposto as deputadas asinantes formulana seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Que valoración fai o goberno de que se utilice unha orde que ten máis de 8 anos para organizar un proceso que ten producido numerosos problemas nos últimos anos?

Existe realmente a intención de actualizar a orde? Si é así, en que sentido se faría esta modificación?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo,
Paula Quinteiro Araujo
Carmen Santos Queiruga
Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 02/07/2018 10:11:23

Paula Quinteiro Araújo na data 02/07/2018 10:11:31

Carmen Santos Queiruga na data 02/07/2018 10:11:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

O 22 de novembro de 2017 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobada por unanimidade, a proposta de En Marea, o seguinte texto, en forma de Proposición non de lei:

“ O Parlamento de Galicia considera necesario estudar a modificación da actual regulación das modalidades de acceso anticipado á xubilación, polo que o Parlamento de Galicia insta á Xunta para que se dirixa ao Goberno do Estado para que, no Marco do Pacto de Toledo, con presenza de todos os axentes e sindicatos representativos, se proceda a estudar e valorar as seguintes medidas, garantindo en todo caso a viabilidade do sistema de pensións:

Primeiro

- Realizar as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, nos casos nos que se accedeu á xubilación anticipada, no sentido de que se aplicará unha penalización inferior á que existe actualmente dos coeficientes redutores establecidos no artigo 208 da citada Lei, con 35 anos cotizados e unha redución progresiva dos mencionados coeficientes ata a súa desaparición total cunha cotización de 40 anos.



A modificación de Lei, a partir da súa entrada en vigor, será de aplicación aos e ás que se atopan penalizadas antes da promulgación da citada Lei e a futuros e futuras pensionistas.

Segundo

- Que para os efectos de acreditación do citado período de cotización efectiva, non se terá en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias e só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria co límite máximo dun ano.

Terceiro

- Que se realicen as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto

Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, co fin de que nos casos de acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado nos que se apliquen coeficientes redutores por trimestre ou fracción de trimestre que lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación, conforme ao disposto no artigo 208 do mesmo texto legal, deixen de aplicarse os coeficientes redutores desde o momento no que o pensionista cumpra a idade legal de xubilación.

Cuarto

- Que as presentes medidas non se verán afectadas polas cláusulas relativas á xubilación forzosa aprobadas por convenio colectivo e será de aplicación nos mesmos termos aos supostos de xubilación anticipada por causas non imputables ao traballador, previstos no artigo 207”.

A data de 2 de xullo de 2018 a Xunta non ten informado ao Parlamento de Galicia sobre o grao de cumprimento deste acordo do mesmo.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:

- Dirixiuse a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para trasladarlle os termos do acordo do Parlamento de Galicia do 22 de novembro de 2017, en relación á modificación da actual regulación das modalidades de acceso anticipado á xubilación?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/07/2018 18:49:55

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O concurso para concesión do transporte aéreo do 061 está na fase de presentación de documentación de preadxudicación, cun recurso contra a valoración dun dos sobres. O concurso está valorado pola Xunta de Galicia nun montante que, tras variar en diversas ocasións con intentos da Xunta de Galicia de rebaixar as contías, sitúase no entorno dos 10 millóns de euros.

O prego de condicións actual contén algunhas diferencias con respecto a concursos anteriores, que poderían afectar tanto ás garantías laborais do persoal, á calidade da atención ou como á posible seguridade dos vós. As condicións técnicas e de viaxe resultan menos concretas e máis flexibles no prego actual, permitindo maior variabilidade nas opcións que as empresas concesionarias poden utilizar, e esta marxe de manobra pode repercutir sobre a capacitación dos pilotos (formación previa), as condicións técnicas nas que voan (número de horas continuado que poden realizar) ou incluso as características dos propios helicópteros (horas de voo acumulado).

Atendendo á necesidade de que a Xunta de Galicia dispoña dun servizo eficiente, optimizado e de plenas garantías tanto sanitarias como de seguridade no transporte, sería importante coñecer coa maior claridade as motivacións dos cambios existentes nas condicións do concurso e poder garantir en base a elas os criterios mencionados.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pode garantir a Xunta de Galicia que se cumprirán as condicións plenas nos planos sanitario e de seguridade a partir do novo concurso de transporte sanitario aéreo?

 Grupo Parlamentario

2. Que motivou os cambios no prego de condicións no referente ás condicións esixidas á empresa concesionaria en termos de formación de pilotos, características técnicas dos aparatos e medidas de seguridade e tipo de voo?
3. Considera a Xunta de Galicia que o servizo estará mellor cuberto a partir da súa concesión como resultado deste novo concurso?

Pazo do Parlamento, 29 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/07/2018 12:09:52

Noela Blanco Rodríguez na data 03/07/2018 12:09:59

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Davide Fernández Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**

As brigadas helitransportadas de Vilamaior, o Campiño e Marroxo, que contan con persoal propio da Xunta de Galicia, continúan a estar sen helicóptero. A Xunta de Galicia deixa as bases públicas sen o servizo de helicóptero durante boa parte do período de traballo.

Estas decisións limitan a capacidade operativa das e dos bombeiros forestais helitransportados da Xunta de Galicia, brigadas que son claves pola súa rapidez no primeiro ataque ao lume. Nas condicións climáticas actuais, unha intervención na fase temperá de calquera incendios forestal coa experiencia deste persoal co helicóptero, permite que o incendio se controle na fase incipiente do mesmo evitando que se faga de maiores proporcións cos perigos que iso entraña a tódolos niveis.

Esta situación lévase denunciando varios anos, dende que comezou en decembro de 2012 o proceso de privatización do servizo integrado de helicópteros e brigadas helitransportadas con destino á prevención e defensa contra incendios forestais. Mentres intencionadamente se limita a operatividade do servizo público, mantéñense bases como a de Toén (Ourense), xestionada pola empresa privada NATUTECNIA, con todo o persoal de terra e helicóptero. Esta externalización cara empresas privadas da xestión e aproveitamento das bases de utilidade e propiedade pública prexudica o funcionamento do servizo coa única finalidade de privatizar e pasar o servizo público a mans privadas. Moitas veces



os criterios de adxudicación a empresas privadas permanecen escuros e esas adxudicacións teñen sido obxecto de denuncias nos tribunais por parte dos sindicatos. O Tribunal de Contas detectou xa en anos anteriores que as consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural cambiaron e improvisaron criterios de puntuación das ofertas presentadas a varios concursos cando xa se estaba producindo esa valoración.

O máis eficiente para a xestión dos lumes forestais é un único servizo 100% público, pero a Xunta de Galicia leva anos desmantelando o público, prexudicando con estas decisións ao conxunto da poboación galega. Precisamos de medios públicos adecuados para as tarefas de prevención e extinción, e rematar con este proceso privatizador para poder defender o noso territorio.

Por estes motivos os deputados que subscriben, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a

1. Vaise dotar de helicópteros ás bases públicas de Vilamaior, o Campiño e Marroxo?
2. Cales son os motivos para privatizar o servizo de helicópteros para a prevención e extinción de incendios?
3. Que criterios se teñen seguido nos concursos de adxudicación de helicópteros con destino á prevención e defensa contra os incendios forestais e á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2018 13:57:29

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 13:57:37

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención pediátrica na atención primaria supón unha das maiores reivindicacións de carácter local e comarcal nas demandas sanitarias de Galicia. O reducido número de especialistas de pediatría en atención primaria dificulta a posibilidade de incorporar aos necesarios ao sistema de saúde. Non entanto, nos 9 anos de Goberno de Núñez Feijóo non existe unha proposta firme de medidas para paliar este déficit e o problema de falta de profesionais e, por tanto, de alteración na asistencia sanitaria pediátrica, continúa sen que exista previsión de mellora. Existen mecanismos en formación, contratación e planificación que permitirían afrontar de maneira real unha problemática que, doutro xeito, persistirá e enquistará no sistema.

As sociedades científicas e expertos no sistema sanitario apuntan á necesidade de maior oferta formativa en atención pediátrica, con variabilidade de especialidades, e de maneira sinalada a formación en atención pediátrica primaria xa que polo de agora está centrada fundamentalmente na atención hospitalaria. A esta cuestión súmase a política laboral da Xunta de Galicia, habitualmente moi austera nos dereitos e condicións laborais, que enviando á precariedade sen futuro aos/as profesionais de pediatría (así como de outras áreas) que traballan no Sergas, contribúe á ausencia de profesionais que se trasladan a outros sistemas de España ou a outros países como Portugal ou Gran Bretaña. Unha máis eficiente xestión da atención primaria permitiría facilitar o funcionamento optimizado do sistema, habilitando máis funcións para o persoal de enfermería, axilizando trámites e considerando unha planificación da asistencia con maior atención ao anclaxe de poboación a través da garantía de servizos en determinadas zonas.

Grupo Parlamentario

Non entanto, a Xunta de Galicia mantén unha política de contratación limitada, recortada e limitadora de dereitos e estabilidade laboral. Non existe unha planificación correcta da distribución de persoal e reposición, cunha moi alta dose de precariedade, e a Xunta de Galicia mantívose sumisa e pouco esixente co Goberno de España dos últimos anos, para conseguir unha maior e mellor oferta formativa

Estas cuestións contribúen a un problema de déficit de profesionais, que para a Xunta de Galicia converteuse nunha escusa e, case, nunha solución para rexeitar as peticións que se trasladan, ben dende un punto de global como específico de localidades, apoiándose nas dificultades de contratación. As recentes medidas de concentración de servizos en torno ás poboacións máis relevantes de cada comarca, por exemplo, apóianse nesta cuestión aínda que se apunten inicialmente como circunstanciais pola redución de servizos no verán. Non entanto existen diversas medidas que se poden iniciar, como as mencionadas anteriormente, pero que o Goberno galego non afronta.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a cobertura pediátrica en atención primaria en Galicia está garantida nas mellores condicións posibles?
2. Comparte a Xunta de Galicia a necesidade de conseguir mellorar a calidade da oferta formativa no sentido de incluír maior formación pediátrica en atención primaria?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar un proceso extraordinario de contratación para incorporar ao Sergas ao maior número de pediatras posible?
4. proceso de concentración de servizos pediátricos deste verán vai fixarse como habitual ao pasar o período estival?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez



 Grupo Parlamentario

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/07/2018 14:12:33

Noela Blanco Rodríguez na data 03/07/2018 14:12:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez Garcia, Marcos Cal Ogando e Anxeles Cuña Bóveda, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.^a**

Un ano máis, a cianobacteria instalouse no encoro de As Conchas, en Ourense, algo que a Consellería de Medio Ambiente tiña que ter previsto e intentado evitar. Porén, non se tomaron as medidas oportunas e outra vez nos atopamos lamentando a contaminación verde das augas que comparten os concellos de Bande, Lobeira e Muíños. A proliferación das algas xa foi confirmada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a pesar do cal algunhas das zonas afectadas aínda contan con carteis que subliñan a excelente calidade da auga.

A contaminación do encoro produce unha estampa e un olor moi desagradables que poden supoñer un revés importante para a economía e o turismo comarcal, polo que ten que se atallada para que non se repita cada verán. As medidas que se teñen que adoptar non poden ser, como ata agora, parches locais que se demostraron claramente inapropiadas.

Segundo as investigacións realizadas, as bacterias teñen a súa orixe nos nitratos e nos fosfatos dos fertilizantes e os xurros que empregan os produtores de patacas da Limia, algo que cómpre ter en conta de cara a acadar solucións estables a medio e longo prazo.



Pero o máis importante é adoptar aquelas medidas que xa se demostraron eficaces. O Centro Hidrobiolóxico do Con, de Vilagarcía de Arousa, levou a cabo un experimento que demostra que é posible controlar o crecemento das cianobacterias sen necesidade de recorrer a produtos químicos, servíndose tan só de procesos naturais. O centro empregou palla de cebada, labras e cortizas de eucaliptos e conseguiu que os microorganismos nocivos minguasen. E o que é máis importante: logrou que diminuíse a súa toxicidade.

Polo tanto, existen alternativas a contaminación que ano tras ano veranea nos encoros galegos. A pasividade da Xunta de Galicia non ten escusa.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a:

- Como é posible que ano tras ano a cianobacteria volva aos encoros galegos?
- Cales son as causas da contaminación que sofre o encoro de As Conchas?
- Que pensa facer a Xunta de Galicia para que non se volva repetir?
- Pensa adoptar novas metodoloxía para loitar contra a bacteria?
- Vai incrementar os controis?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Anxeles Cuña Bóveda

Antón Sánchez García

Deputados e deputada do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 16:56:48

Marcos Cal Ogando na data 03/07/2018 16:56:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/07/2018 16:57:06

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 16:57:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Paula Quintero Araujo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª**, sobre a non dotación de luces prioritarias nos vehículos do SPDCIF como servizo de emerxencias, así como máscaras de protección que solucionen as eivas da protección respiratoria dos e das traballadoras do SPDCIF.

Dende o día 15 de xuño de 2015, o Servizo de prevención e extinción da Xunta de Galicia, forma parte a tódolos efectos dos servizos de emerxencias, tal e como recolle a Lei nacional de protección civil en vigor dende esta data, no seu art. 17.

Como servizo de emerxencias, e como vostedes terán coñecemento, foros dotados – xa por segunda vez consecutiva- de vehículos pick-up, que contan con bomba para a extinción entre outros equipamentos.

Tivemos coñecemento da instrución do Ministerio de interior de 7 de Xuño de 2017 instrución 17/TV-97, sobre circulación de vehículos pick up, baseada na directiva europea 2007/46/CE, onde se indica que os vehículos pick-up que non superen os 3500kg e os dous metros de altura rexeranse, polas normativas de circulación dos turismos.

Dende En Marea manifestamos a vital importancia de baixar o máximo os tempos de reacción xunto coa calidade desta primeira intervención- factores determinantes na extinción temperá dos incendios para poder facer fronte mellor o novo escenario, derivado da nova tipoloxía de lumes .



Dende En Marea volvemos a solicitar a Xunta de Galicia que cumpra tamén o requirimento feito dende inspección de traballo , onde se indica que os vehículos das brigadas do Spdcif dispoñan de luces de prioridade V 1,as cales se van incorporar no estado español a partires do 1 de xullo.

Por outro lado, a Xunta de Galicia ven entregando dende fai anos unhas mascariñas de marca SEYBOL 82ST con filtro (P2)R a cal só filtra partículas sólidas, aerosois, néboas e neblinas tipo2, pero non gases presentes na atmosfera dun incendio tales como por exemplo: Monóxido de Carbono, Dióxido de Carbono, Amoníaco, Cianídrico, isocianatos, acroleinas, etc.

Queremos insistir na necesidade de incorporar inmediatamente un equipo de protección respiratoria axeitada ao traballo a desenvolver polo SPDCIF composta por unha semi máscara adecuada con monofiltro tipo: A1, B1, E1, K1, P3 e NR, os cales protexen os traballadores da maioría dos gases e partículas tóxicas presentes na atmosfera dun lume forestal.

Ademais como xa se falou no subcomité de EPIS íase entregar un equipo de respiración xerador de oxixeno químico para protección en situacións de atrapamento o que garantiría de forma moi importante a vida dos traballadores en circunstancias moi graves.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Cal é o motivo polo que non se equipan axeitadamente, tanto ás brigadas como aos vehículos do SPDCIF?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Antón Sánchez García
Deputados e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 18:39:53

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 18:40:01

Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2018 18:40:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7.^a** sobre información que se lle nega ao Comité de Acoso Laboral sobre unha demanda de dous Axentes Medio Ambientais do DF XIX.

A Consellería de Facenda e a Dirección Xeral da Función Pública contan dende hai pouco tempo cun Comité de Acoso laboral ligado o Servizo de Prevención de Riscos laborais da Xunta de Galiza para xestionar as demandas que afecten o seu persoal funcionario e laboral.

En Setembro de 2017 tivo entrada nese Comité unha demanda de dous funcionarios da Escala de Axentes Facultativos Medioambientais da Consellería de Medio Rural adscritos o Distrito Forestal XIX de Pontevedra, por situación de acoso laboral do Xefe dese Distrito.

En varias ocasións os dous funcionarios foron chamados para aportar tódalas probas necesarias, estando sempre presente nos interrogatorios unha representante dos sindicatos.

Dende o mes de Febreiro do presente ano 2018 vense solicitando dende ese comité, información sobre o proceso tendo como resposta nese mes que xa estaba resolto pendente de comunicar. O feito é, que estando no mes de Xullo (9 meses dende o inicio) non houbo resolución, circulando o rumor de que “nalgunhas instancias de Función Pública ou de Medio Rural non estaban de acordo coa mesma por afectar negativamente o Xefe de Distrito”.



Por todo o exposto anteriormente, e pola indefensión que sofren as persoas demandantes, dende o grupo Parlamentar de En Marea, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a

Cal é o motivo pola que non se traslada toda a información que ten solicitado o comité si xa está resolto tal e como afirman?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 19:15:01

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 19:15:09



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33124
Data envío: 04/07/2018 10:41:38.060

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar diante do peche durante do verán do consultorio médico de Cabo de Cruz en Boiro.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33124
Data envío: 04/07/2018 10:41:38.060

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cabo de Cruz responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

Un ano máis, o centro médico do Cabo da Cruz no concello de Boiro queda sen facultativo durante os meses do verán, concretamente desde o 11 de xuño até o 30 de setembro de 2018, afectando isto a máis de 4000 veciños e veciñas.

Ante esta circunstancia a veciñanza do Cabo da Cruz será atendida no centro de saúde do Saltiño. Isto supón un grande trastorno sobre todo para a xente maior, dado que non se pode desprazar con facilidade.

Debemos ter en conta que a poboación do Cabo da Cruz e de Boiro en xeral, aumenta considerablemente durante a época estival, eliminando este punto de atención médica, o que provoca é unha sobrecarga no centro saúde do Saltiño.

Os usuarios do centro médico do Cabo da Cruz, entenden que un médico poida estar de vacacións ou de baixa, o que non entenden é que non se cubran estas coa substitución pertinente.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En anos anteriores, desde a Consellería de Sanidade, utilizaban a desculpa da crise para manter este centro pechado durante os meses do verán, agora o Goberno do PP na Xunta usa como escusa a falta de médicos, que en todo caso é consecuencia da súa nefasta política laboral, da precariedade e do maltrato ao que somete aos e ás profesionais.

Dende o BNG, vemos como a Consellería de Sanidade non toma este asunto con seriedade e rigor, en lugar de mellorar estes servizos médicos próximos á cidadanía, o que fai e recortalos.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Vai a Xunta a proceder á substitución do facultativo do centro médico de Cabo de Cruz de xeito que permaneza aberto tamén durante os meses de verán e polo tanto poida prestar a asistencia sanitaria aos veciños e veciñas que son atendidos neste centro o resto do ano?

-Ata onde están dispostos a chegar na política de recortes na sanidade pública galega?

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando os e as profesionais teñen que asumir o traballo propio e o dos/as compañeiros/as que non son substituídas/os?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33124
Data envío: 04/07/2018 10:41:38.060

-É consciente dos prexuízos que lle causa aos veciños e veciñas de Cabo de Cruz, sobre todo ás persoas maiores que teñen máis dificultades para desprazarse, a decisión de non substituír ao facultativo e pechar o centro de saúde?

-Coida que o persoal do Centro de Saúde do Saltillo pode asumir a sobrecarga asistencial que se deriva desta decisión sen que se resinta a calidade asistencial?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/07/2018 10:37:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33124

Data envío: 04/07/2018 10:41:38.060

Ana Pontón Mondelo na data 04/07/2018 10:37:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/07/2018 10:38:00

Olalla Rodil Fernández na data 04/07/2018 10:38:02

Noa Presas Bergantiños na data 04/07/2018 10:38:03

Xosé Luis Bará Torres na data 04/07/2018 10:38:05

Á MESA DO PARLAMENTO

David Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**, sobre a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde da Pobra de Trives no período de época estival.

A poboación galega caracterízase por unha serie de características como poden ser o despoboamento, illamento, dispersión xeográfica, problemas de mobilidade, carencia de recursos e servizos básicos, etc.

Esta situación vese favorecida polas políticas de desmantelamento do rural do Partido Popular e o seu progresivo estrangulamento dos servizos públicos neste contexto, que obriga á cidadanía a emigrar (cara as cidades...), perder dereitos e ter que deixar de vivir onde residiron sempre cando, a gran maioría da poboación maior o que quere é permanecer nos seus fogares o maior tempo posible.

Un claro síntoma dese estrangulamento do rural é o desmantelamento da atención sanitaria, como se pode comprobar en calquera lugar da xeografía galega, estrangulamento que se agrava dende que se aproba o Anteproxecto de Modificación da Lei de Saúde de Galicia.

A atención sanitaria no rural ten graves eivas, como se pode constatar na provincia de Ourense, nos centros de saúde do rural ourensán, situación que se ve agravada pola falta dun adecuado transporte público nas comarcas, o que provoca que a veciñanza, sobre todo a xente maior, se vexa obrigada a coller taxis e gastar cartos en desprazarse aos centros de saúde ou hospitais, servizos esenciais e que cada vez están máis afastados dos seus domicilios.



O dereito máis básico é o dereito á saúde, porque sen saúde non existen os demais dereitos, pero no medio rural, aos problemas de desprazamento engádenselle outros asociados, como son as eivas na atención aos centros de saúde ou as urxencias, nomeadamente, a época estival.

En centros de saúde do rural como poden ser o de Pobra de Trives, Manzaneda ou San Xoán de Río adoitan darse dificultades coa atención, derivadas dos recortes levados a cabo polas políticas do Partido Popular.

O último capítulo: a Xunta de Galicia leva a cabo unha reestruturación temporal da Atención Primaria para o período estival afectando directamente a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde da Pobra de Trives, servizo xa con unha eiva importante no horario e días de atención, anunciando que se **suprime o servizo de pediatría** deste centro.

A solución ofrecida?: A Xunta de Galicia decide agrupar o servizo de pediatría en centros de saúde de referencia, isto é, derivar as cativas e cativos o Centro de Saúde de Maceda, onde se atoparía o pediatra, ou o Centro de Saúde da Rúa.

Co Concello de Maceda, ao que habería que acudir necesariamente se o que se pretende é unha revisión pediátrica, non hai ningunha liña de autobús activada na actualidade.

Co Concello da Rúa, existe unha única posibilidade: Saída ás 6:40 h da mañá da Pobra de Trives con volta única ás 18:30 da tarde.

Estes desprazamentos ocasionan innumerables molestias que non debería sufrir a nosa veciñanza por unha falta de planificación adecuada por parte da Administración sanitaria, sen que sexa escusa o feito de que, en caso de dificultades de desprazamento, poidan ser atendidos os menores por un médico de familia, pois evidente é que aqueles teñen enfermidades específicas,



tratamentos diferenciados, e que en resumo, para iso existe unha especialidade médica concreta para a súa atención.

Desde En Marea defendemos o respecto e a atención á cidadanía independentemente de onde residan así como o dereito das persoas a permanecer nos seus domicilios, no seu entorno, se así o desexan, todo o tempo que poidan. O rural precisa recursos e garantías de atención.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, realiza a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

1.- Cal é o motivo polo que se suprime o servizo de pediatría no Centro Médico de Pobra de Trives na época estival?

2.- Ten pensado a Xunta dar marcha atrás nesta decisión e garantir así o servizo de pediatría no Centro Médico de Pobra de Trives de inmediato?

3.- É consciente a Xunta de Galicia do prexuízo ocasionado a nenos e nenas, nais e pais, e demais familiares, cas decisións que están a tomar?

4.- Cando o Presidente da Xunta de Galicia nos falaba no seu debate de investidura da lexislatura do rural... referíase realmente a isto? A supresión dos servizos básicos?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Deputado e deputadas do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/07/2018 11:44:36

Paula Vázquez Verao na data 04/07/2018 11:44:44

Eva Solla Fernández na data 04/07/2018 11:44:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Lonxe de adoptarse medidas correctoras, que se están a demandar desde hai tempo por diversos sectores sociais e institucións –trasladadas polo BNG a este Parlamento- ao respecto do deterioro progresivo na infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de cercanías Ferrol-Ribadeo; a situación está a agravarse até extremos que fan visualizar que estamos nun proceso claramente premeditado.

Só así pode entenderse o acontecido, sen ir máis lonxe, o pasado día 2 do presente mes de Xullo, no que se produciron supresións nos seguintes servizos:

Luns 2 xullo:

-Ribadeo-Ferrol, servizo das 10:45 suprimido.

-Ferrol-Oviedo, servizo das 8:20 suprimido.

-Ademais, desde as 17:30 quedaron suprimidas totalmente as cercanías Ferrol-Ortigueira, o que supuxo suprimir un total de 24 servizos entre Ferrol e Xuvia, San Sadurniño e Cerdido, contando cós servizos de volta das localidades enumeradas á Ferrol.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 12:29
Nº Rexistro: 33142
Data envío: 04/07/2018 12:29:28.624

Todas as incidencias foron provocadas por avarías/ausencia de material rodante.

Reseñar que, Renfe licitou o ano pasado a reforma de 8 unidades 2400 (prestan servizo por toda a cornixa cantábrica, hai 4 unidades destinadas a Galiza, normalmente realizan servizos rexionais) das que só 1 está en circulación reparada. Teñen agora mesmo 3 unidades en talleres, o que provoca continuadas supresións; dado que, en lugar de facer as reformas progresiva e ordenadamente, faise sen ningún tipo de organización, provocando supresións por falta de material.

Estes recentes feitos non son illados, xa que veñen a sumarse ás deficiencias estruturais que se están a denunciar desde hai tempo: falla de renovación nunha maquinaria caduca, desatención ao mantemento dos apeadoiros, inexistencia de interventores nos trens (cos problemas de seguridade que pode acarrexar) etc... E todo isto, perante a inacción da Xunta, Renfe e Fomento; alleos ás reivindicacións sociais e institucionais perante unha situación que resulta verdadeiramente caótica.

Á vista da situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-É consciente a Xunta da situación caótica que tanto no referente a maquinaria e mantemento rexistra a liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo?

-Coñece a Xunta as razóns das incidencias que se viñeron producindo no servizo o pasado día 2 do presente mes de Xullo?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 12:29
Nº Rexistro: 33142
Data envío: 04/07/2018 12:29:28.624

-Ten previsto adoptar a Xunta –no marco da comisión creada con Fomento e Renfe- algunha medida para esixir medidas urxentes para abordar as deficiencias estruturais existentes na liña Ferrol-Ribadeo?

-Valora a Xunta a necesidade de solicitar a transferencia dos servizos ferroviarios desta liña, para garantir os servizos de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas)

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/07/2018 12:27:32

María Montserrat Prado Cores na data 04/07/2018 12:27:37



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 12:29
Nº Rexistro: 33142
Data envío: 04/07/2018 12:29:28.624

Ana Pontón Mondelo na data 04/07/2018 12:27:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/07/2018 12:27:41

Noa Presas Bergantiños na data 04/07/2018 12:27:43

Xosé Luis Bará Torres na data 04/07/2018 12:27:44

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No ano 2009, a UE aprobaba unha Directiva (do Parlamento Europeo) sobre uso de praguicidas e a saúde humana, directiva que logo o Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, incorporou á lexislación española. O artigo 30 deste real decreto fai referencia á precisa priorización de produtos fitosanitarios para evitar a contaminación das augas, de maneira que, cando xurda un risco, se dará prioridade ao uso de produtos fitosanitarios non clasificados como perigosos para o medio acuático.

A mesma Sociedade Galega de Historia Natural ten manifestado a diferentes institucións a súa preocupación polas fumigacións indiscriminadas e aplicacións masivas de fitosanitarios de acción herbicida, tendo en conta, fundamentalmente, as especiais características do rural galego (explotacións agrícolas familiares para autoconsumo, multitude de mananciais e pozos empregados para consumo humano, gando en réxime extensivo ou explotacións apícolas dispersas). Di a SGHN que, aínda que habitualmente se aplica unha mestura de varios produtos, o herbicida máis utilizado nestes tratamentos é o glifosato, respecto ao que existen dúbidas razoables sobre a súa presunta inocuidade segundo os últimos estudos da OMS: “Hai probas convincentes de que o glifosato pode causar cancro en animais e hai probas limitadas de carcinoxenicidade en humanos (linfoma no Hodgkin)”.

Tanto é así, que nos concellos de A Guarda, Tomiño e Oia o uso do glifosato está prohibido por ordenanzas municipais. Non obstante, na estrada de titularidade autonómica AG-42 (vía de alta capacidade) utilizouse o glifosato o día 27 do pasado mes de xuño, pese a previsións

Grupo Parlamentario

de chuvias e a recomendación de non usalo.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai abandonar o Goberno galego o uso de herbicidas con glifosato en lugares públicos e substituílos por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e o medio ambiente?
2. Son coñecidas pola Xunta de Galicia estas fumigacións indiscriminadas?
3. Son autorizadas pola Xunta de Galicia estas fumigacións indiscriminadas?
4. Foron realizadas con produtos autorizados pola lexislación vixente?
5. Sabe o Goberno galego que na estrada de titularidade autonómica AG-42 (vía de alta capacidade) se utilizou glifosato o día 27 do pasado mes de xuño, pese a previsións de chuvias e a recomendación de non usalo?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/07/2018 13:04:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/07/2018 13:04:23



 Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2018 13:04:28

María Luisa Pierres López na data 04/07/2018 13:04:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Anxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4.^a**, relativa ao patrimonio arqueolóxico de Friol.

A irresponsabilidade da Xunta de Galicia leva moito tempo poñendo en perigo o noso patrimonio cultural, como demostra o feito de que tódolos anos teñamos que denunciar o deterioro de ducias de bens de incalculable valor. Ao goberno popular dálle igual que o patrimonio sexa un dos piares das nosas tradicións, dos nosos valores e, polo tanto, da nosa identidade como pobo. Nin pon os medios para protexelo nin se preocupa por restauralo e dalo a coñecer. A Xunta de Galicia vive de costas ao noso legado. Así o demostran feitos como o acontecido en Friol.

A pesar de que a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia do 2016, prohibe actuar sobre bens patrimoniais catalogados, recentemente foi empregada maquinaria pesada no interior do xacemento do castro de Trasmonte co obxecto de acondicionalo para unha plantación forestal. No transcurso da actuación fixéronse buratos de máis de medio metro de profundidade para plantar árbores e causáronse enormes gabias. Ademais dos danos no interior do recinto, cómpre sinalar as fendas polo perímetro da muralla, que ocasionaron varios derrubes. Así, comprometeuse a integridade dun castro que, ata o de agora, era un dos mellor conservados do lugar (no municipio hai catalogados 40).



O patrimonio arqueolóxico de Friol, un dos máis importantes da provincia de Lugo, foi obxecto dunha nova agresión por mor do desleixo da Xunta de Galicia, que tería que garantir que actuacións como a descrita non se producen. Isto non pode acontecer de novo. A preservacións, restauración e difusión do noso legado patrimonial compétenos a todas, pero moi especialmente ás diferentes administracións, que teñen que poñer os medios para o mantemento dos bens.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos danos sufridos polo castro de Trasmonte, en Friol?
- Que responsabilidades asume ao respecto?


Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2018.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/07/2018 16:55:24

Luca Chao Pérez na data 05/07/2018 16:55:33



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727